



## **CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS NOVENTA E SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL CATORCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do vinte e cinco de febreiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Alicia Martínez González, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, M<sup>a</sup> Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez, Manuel Domínguez Álvarez e Javier Domínguez Lino. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, Luciano Sobral Fernández, explicando aos membros da Corporación que, despois de falar cos Voceiros dos tres Grupos Municipais, acordouse nun primeiro lugar realizar un minuto de silencio para condenar e en conmemoración de Guadalupe, supostamente vítima de violencia de xénero, que foi veciña de Poio.

E en segundo lugar, ao terse presentado unha moción para deliberar no apartado de mocións urxentes e ao tratarse dun pleno cunha orde do día extensa tratar esa moción nun primeiro lugar, e unha vez rematado a deliberación desta moción continuar cos asuntos tal e como figuran na orde do día.

A Secretaria Xeral presente na sesión maniféstalle ao Alcalde que non concorre suposto ningún dos que segundo o disposto na normativa sobre funcionamento de órganos colexiados nas entidades locais, lle habilite para realizar tal alteración da orde do día, carecendo por tanto de cobertura.

3908.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, DE APOIO ÁS PERSOAS AFECTADAS POLAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS.- Tras a advertencia realizada e seguindo as instrucións do Presidente, a secretaria procede a dar lectura á moción de data 18 de

febreiro de 2014, asinada pola Voceira do Grupo Municipal do BNG e presentada no Rexistro Xeral o 21 de febreiro de 2014, número 781, en relación ás persoas afectadas polas participacións preferentes e subordinadas e que di textualmente: "O 18 de febreiro de 2013 o goberno español presidido por Mariano Rajoy, a través do FROB, fixo que Galiza perdera o control definitivo de NovaGaliciaBanco, principal entidade financeira que quedaba en pé e que xestiona o 40% do aforro dos galegos e galegas, entregando a entidade a un pequeno banco venezolano pola irrisoria cantidade de 1.000 millóns de euros a pagar en cómodos prazos de aquí a 2018.

Hai ano e medio, Núñez Feijóo, presidente da Xunta, afirmaba que se ía buscar unha solución para os afectados polas participacións preferentes e subordinadas, pero hoxe o problema está sen solucionar porque faltan por devolver 500 millóns a 35.000 persoas.

En todo este tempo o Sr. Feijóo nin tan sequera se dignou a recibir a unha representación das plataformas de afectados. Resulta indignante a irresponsabilidade do presidente da Xunta que se declara "*tranquilo e satisfeito polo desenlace*" da venda do banco. Lembramos que as demandas xudiciais son a única vía que queda aberta para os estafados, despois de ser abandonados á súa sorte polas administracións públicas tralo proceso de canxe e quitas obrigatorias e o remate da arbitrase, e que están a resultar maioritariamente favorableis aos afectados. Lamentamos que nestes días o Conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, rexeitara unha entrevista que os afectados tiñan solicitada coa excusa de ter a axenda moi ocupada e que o Vicepresidente e Conselleiro de Xustiza, Alfonso Rueda, non se dignara a contestar ante a mesma solicitude de reunión. O mesmo que fixo o Sr. Feijóo desde fai ano e medio. E o Ministro de Guindos tampouco tivo a ben recibir aos afectad@s.

Agora que a venda-agasallo está consumada, os actuais donos de NovaGaliciaBanco (o FROB e o Ministerio de Economía), e os futuros directivos de BANESCO, teñen que ser conscientes de que mercaron un banco, pero tamén herdaron un problema: ese problema son os estafados polas preferentes e subordinadas. E como a día de hoxe o Sr. Escotet, Presidente de Banesco, aínda non se dignou a contestar, despois de facer pública a súa promesa de acadar unha solución a esta estafa masiva dando de prazo até o 31 de marzo, e, poñendo en dúbida as súas palabras porque, entre outras cousas, o control do Consello de Administración de NGB está en mans do FROB e o Ministerio de Economía.

A isto hai que engadir que, nos últimos meses, persoas pertencentes ás Plataformas de Afectad@s polas Participacións Preferentes e Subordinadas están sendo reiteradamente sancionad@s pola súa participación en protestas cidadáns para exixir unha solución xusta para os milleiros de aforradores vítimas desta estafa. Soamente na provincia de Pontevedra as sancións suman xa máis de 16.000 €. Trátase de sancións manifestamente arbitrarias e inxustas que só poden ser entendidas como un intento do Goberno do PP de amedrentar ao colectivo e coaccionar a estas persoas para que cesen nas súas protestas pacíficas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

1.- Condenar publicamente a represión que están a sufrir os afectad@s polas participacións preferentes e subordinadas mediante sancións administrativas irregulares e cheas de falacias.

2.- Instar ao Subdelegado do Goberno e ao ORAL de Pontevedra a que

retiren ou arquiven ditas sancións administrativas.

3.- Retirar as contas que o Concello de Poio mantén na entidade bancaria de NOVAGALICIABANCO, se o novo dono desta entidade, o señor Escotet (do actual Banesco) non cumpre a súa promesa de dar unha solución aos afectad@s antes do 31 de marzo.

4.- Remitir copia deste acordo a NOVAGALICIABANCO, e máis ás plataformas de afectados plataforma de afectados polas preferentes e subordinadas do Salnés, Pontevedra e Baixo Miño.”.

A continuación, comeza a quenda de intervencións a Voceira do Grupo Municipal do BNG, a Sra. Diaz Iglesias reiterando o contido da moción e explica que fan súas as xustas reivindicacións da plataforma, neste momento hai 35.000 persoas afectadas que lle supoñen unha devolución de 500 millóns e faltando menos de un mes para o 31 de marzo de 2014, data fixada para dar unha solución e vemos que esta non chega.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores, manifesta que o seu grupo municipal está totalmente de acordo co texto da moción así como cos catro puntos para aprobar, parece indignante que despois de tres anos se siga sen dar solucións a este problema así como a data de hoxe se deban aínda 500 millóns. Tamén con esta moción queremos mostrar a nosa indignación polas sancións das forzas de seguridade aos manifestantes polas súas reivindicacións, consideramos que actúan de forma ética e civilizada. O dereito de manifestación está dentro dunha democracia, o que non é normal é que te sancionen con 16.000 € por este tipo de actos.

De todos os xeitos este Concello xa adoptou varios acordos de retirar os cartos de NovaGaliciaBanco se non se lles dá unha solución, e non soamente o Concello, senón todos nos debíamos adoptar esta postura.

A continuación toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal Popular, o Sr. Moldes Martínez, manifestando que xa non é a primeira vez que os membros da Plataforma acoden a un pleno deste Concello, actuando sempre dunha forma civilizada. Hai acordos desta moción que xa están adoptados pero nos cremos que o segundo punto debería retirarse, porque como grupo político non podemos valorar as sancións administrativas. A actuación dos compañeiros, e un pouco oportunista, xa que hai requirimentos do ORAL a veciños de Poio por outros conceptos como pode ser as plusvalías, e non se pide que se retire.

Entendemos que hai unha situación complicada, pero cremos que se alguén cree que está mal sancionado hai canles legais para defenderse.

O Partido Popular apoia aos preferentistas e as súas reivindicacións pero non este tipo de consideracións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde explicando que, os requirimentos que está a realizar o ORAL nada teñen que ver con sancións, no primeiro caso son recibos por impostos impagados e no segundo caso cremos que son reclamos inxustos, por reclamar dereitos.

O Sr. Barreiro Lubián di que de calquera xeito, esta corporación séntese suficientemente capacitada para instar á Subdelegación do Goberno e ao ORAL a que retiren as sancións, e a Subdelegación tenas en conta, xa non é a primeira vez. Se alguén fixera un dano material ou persoal sería

distinto pero o resto está dentro da normalidade, pódese facer.

O Sr. Martínez Blanco di que nos podemos pedir que se retiren as sancións administrativas. O ano pasado NovaGaliciaBanco pechou con beneficios de 500 mil, e non é lóxico vendelo por 1000, non se pode vender ese banco, con que obxecto, son os cartos de todos nos.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o seu grupo municipal non quere confundir, non coñecemos as sancións, se vostedes as coñecen e as poden defender. Nos confiamos nos Corpos de seguridade e Garda Civil e condenamos os actos delitivos, e cada un ten que ser responsable dos seus actos.

A postura do PP é respectuosa aos preferentistas, adoptando acordos de forma unánime, aínda que neste caso por ese apartado da moción non podemos votar a favor.

O Sr. Alcalde di que non temos porque saber ou coñecer as sancións, e nos queremos solicitar que se retiren porque son sancións por reivindicacións.

A continuación o Sr. Alcalde e a petición dos representantes das Plataformas asistentes, dálle a palabra a cada un deles por un prazo de 5 minutos.

A continuación, toma a palabra o representante da Plataforma Pontevedra-Marín e explica que na moción presentada se expón claramente o que leva pasado ultimamente, tanto coas reclamacións feitas polos afectados como polas explicacións facilitadas por Novagaliciabanco.

Recorreuse á arbitrase, pero esta foi escasa, devolveron accións, pero aínda queda moita loita. A única solución é a vía xudicial. Hai afectados que desisten por cansazo ou deixadez. Nos confiamos na xustiza, poñendo as cousas no seu sitio. No mes de maio acordouse polo Concello de Poio a cancelación das contas e remitíronse escritos ás distintas administracións e institucións, que nin se dignaron a contestar, quen contestou parece que se está a rir de nós. Se se solicitan entrevistas o mínimo é que contestasen de forma individual, e non derivarse uns a outros. Nos cremos que aos concellos non os deben vapulear como fixeron.

Iremos pola vía penal contra os que argallaron esta trama, e pedimos que o Concello se sume a este apoio, estamos traballando para facer as cousas ben, pénseno para sumarse á demanda, que os estuden os servizos xurídicos.

En definitiva é o último paso que temos que dar os afectados, con apoio das institucións.

Toma a palabra o representante da Plataforma de Afectados do Baixo Miño manifestando que se trata dunha estafa, cando estábamos nunhas eleccións houbo promesas para recuperación dos nosos aforros. Presentamos unha moción que se debateu no Parlamento de Galicia e que saíu aprobada, pero para a nosa sorpresa cando pola tarde se vota a mesma moción no congreso en Madrid, eses que votaron a favor no Parlamento, votan en contra e legalizan o roubo.

O PP de Poio non está co pobo, xa que o que aquí aproban, non fan caso en Madrid. É imposible entender que os aquí presentes (referíndose aos preferentistas) sexamos uns delincuentes, pero o PP defende isto,

sancionando aos do Baixo Miño.

A realidade que impón o PP é que somos uns delinquentes, xa o dixo así o Sr. Louzán. Pero estas son as consecuencias das nosas reivindicacións. A lei do PP adecúase aos amigos. Lamentamos as vosas prácticas, defendendo o que defendedes. Nos o único que pedimos é que nos devolvan o noso e pedimos dignidade.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro-** Condenar publicamente a represión que están a sufrir os afectad@s polas participacións preferentes e subordinadas mediante sancións administrativas irregulares e cheas de falacias.

**Segundo.-** Instar ao Subdelegado do Goberno e ao ORAL de Pontevedra a que retiren ou arquiven ditas sancións administrativas.

**Terceiro.-** Retirar as contas que o Concello de Poio mantén na entidade bancaria de NOVAGALICIABANCO, se o novo dono desta entidade, o señor Escotet (do actual Banesco) non cumpre a súa promesa de dar unha solución aos afectad@s antes do 31 de marzo.

**Cuarto.-** Remitir copia deste acordo a NOVAGALICIABANCO, e máis ás plataformas de afectados plataforma de afectados polas preferentes e subordinadas do Salnés, Pontevedra e Baixo Miño.

3909.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 28 DE XANEIRO DE 2014, NÚM. 496.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación da acta da sesión anterior realizada o 28 de xaneiro de 2014 e non solicitándose rectificación ningunha á mesma esta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3910- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3897.-INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 1/2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3898.- INTERVENCIÓN-TESOURERÍA, INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 05 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE-4º TRIMESTRE EXERCICIO 2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención e á Tesourería Municipal; 3899.- ESCRITO VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA S.A.U. SOLICITANDO RESTAURACIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO CONTRATO XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, MANTEMENTO DA REDE DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Servizo de Contratación, Departamento de Intervención e notificouse á empresa solicitante; 3900.-

PATRIMONIO, DETERMINACIÓN CUALIFICACIÓN XURÍDICA TRAMO CAMIÑO PERPENDICULAR Á AVDA. COLÓN NO LUGAR DE PORTOSANTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Servizo de Patrimonio e notificouse aos interesados do expediente; 3901.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA RECTIFICACIÓN ERROS NAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E POLO SERVIZO DE SANEAMENTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3902.- URBANISMO, SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO EN TARRÍO SAMIEIRA E RECTIFICACION NO SEU CASO DO POSIBLE ERRO EXISTENTE NO PXOM.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao interesado e deuse traslado ao Servizo de Patrimonio para os trámites sucesivos do expediente; 3903.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO IMPACTO DA REFORMA LABORAL DO PARTIDO POPULAR NA MULLER.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e á Presidencia de España; 3904.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AOS CONSELLOS DA XUVENTUDE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e á Presidencia de España; 3905.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AOS RECORTES DO PP NAS POLÍTICAS DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA O VIH E A SIDA E A SITUACIÓN NA QUE SE ATOPAN OS COMITÉS ANTISIDA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos Grupos con representación no Parlamento Galego; 3906.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR A XUNTA DE GALICIA O MANTEMENTO DO SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DEPENDENTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos Grupos con representación no Parlamento Galego; 3907.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, EN CONTRA DA RETIRADA DA TARXETA SANITARIA A CIDADANÍA QUE PERMANECE FORA DE ESPAÑA MÁIS DE 90 DÍAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Consellería de Sanidade e ao Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.”.

A Corporación dáse por enterada.

3911.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A corporación dáse por enterada.

3912.- INTERVENCIÓN, LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ORDINARIO EXERCICIO 2013.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas quen emite ditame en sesión ordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2014 procedéndose a elevar a consideración do presente órgano colexiado.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do contido da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2013.

3913.- DAR CONTA OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN

DAS ENTIDADES LOCAIS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame favorable emitido en sesión ordinaria da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas realizada o 17 de febreiro de 2014.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada da realización do trámite.

3914.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 4/2014, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2014.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro**: Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación á modificación orzamentaria nº 4/2014 en relación ás facturas emitidas por un importe total de 66.891,74 €, que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito financiado con baixas.

**Segundo**: Aprobar a modificación orzamentaria nº4/2014, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 246.891,74€.

**Terceiro**: Someter ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra polo prazo de quince días hábiles.

**Cuarto**: Unha vez aprobada definitivamente proceder á aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº 5 obrante no expediente, por importe total de 66.891,74€.

**Quinto**: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3915.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 6/2014, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2014.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro**: Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación á modificación orzamentaria nº 6/2014 en relación ás facturas

emitidas por un importe total de 186.564,04 €, que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

**Segundo:** Aprobar a modificación orzamentaria nº 6/2014, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 186.564,04€.

**Terceiro:** Someter ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra polo prazo de 15 días hábiles.

**Cuarto:** Unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria proceder á aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº 7 obrante no expediente, por importe total de 186.564,04€.

**Quinto:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3916.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 7/2014, MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2014.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación á modificación orzamentaria nº 7/2014 con relación ás facturas emitidas por un importe total de 8.200,26 €, que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

**Segundo:** A aprobar a modificación orzamentaria nº 7/2014, mediante crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 8.200,26€.

**Terceiro:** Someter ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra polo prazo de 15 días hábiles.

**Cuarto:** Unha vez aprobada definitivamente proceder á aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº 8 obrante no expediente, por importe total de 8.200,26€

**Quinto:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3917.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 2/2014.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame favorable emitido



pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2014.

Neste momento auséntase do Salón o Concelleiro D. José Angel Lodeiro Cancela.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no seu informe, de data 10 de febreiro con relación á factura nº 13257 de Fundación para a discapacidade e o emprego Juan XXIII en concepto de "Gasto mantemento xardíns mes de decembro 2013" por importe de 2.698,30€.

**Segundo:** Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente por importe total de 13.634,22€.

**Terceiro:** Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente, os créditos mencionados con cargo ás aplicacións que corresponde nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

**Cuarto:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

Neste momento entra no Salón o Concelleiro D. José Angel Lodeiro Cancela.

3918.- PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA OS EFECTOS DE DAR CUMPRIMENTO AO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2014.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes por aprobou o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente o proxecto da Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Poio.

**Segundo:** Someter o expediente á información pública mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 30 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio, e unha vez transcorrido dito prazo, de non presentarse reclamación ningunha ao expediente entenderase aprobada definitivamente, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do

expediente.

3919.- TURISMO, PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA POIO PARA ENCONTRO DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS DE GALICIA 2015.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente iniciado a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo en relación á presentación da Candidatura para albergar en Poio unha Edición do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (EETG) polo Club Mariño a Reiboá.

Dito expediente foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 17 de febreiro de 2014 emitíndose ditame favorable, do que se dá conta.

Toma a palabra ao Sr. Martínez Blanco explicando, que como se reflite na proposta, trátase de apoiar a candidatura para organizar no 2015 en Poio o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, que é moi importante para nós como Concello, o I Encontro foi o que iniciou a Festa do Mar.

O Sr. Moldes Martínez dí que lle sorprende que en ningunha parte do expediente figure como impulsor o Club Mariño A Reiboá.

Os representantes dos tres Grupos Políticos manifestan o apoio á candidatura para a organización do Encontro de Embarcacións Tradicionais na súa edición a organizar en Poio no ano 2015, o que desexan sexa unha realidade xa que será moi beneficioso tanto para o Club que a organiza como para o Concello.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes acordou aprobar a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo de data 03 de febreiro de 2014 adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** O compromiso de colaboración co Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

**Segundo:** Aceptar as bases adxuntas e do carácter e obxectivos do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia

**Terceiro:** A integración do Goberno Municipal no Comité Organizador facéndose cargo dunha Vicepresidencia.

**Cuarto:** Facer unha achega mínima, que ha de figurar no orzamento municipal, e o compromiso de colaborar activamente co Comité Organizador na procura de axudas e subvencións doutras administracións, entidades ou empresas.

**Quinto:** Comprometerse a poñer ao servizo do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia elementos de loxística e dotacionais necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades, como espazos e edificios públicos, puntos de información, etc. Neste sentido, será imprescindible ofertar aloxamento gratuíto (pavillón municipal, zona de acampada e estacionamento) para as tripulacións, facéndose cargo da súa

atención, hixiene e vixilancia.

**Sexto:** Comprometerse a adicar persoal municipal, sobre todo de administracións, obras e policía, ao servizo das necesidades do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

3920.- MOCIÓN DO PSOE, SOBRE A MODIFICACIÓN DO MAPA SANITARIO GALEGO E O CAMBIO DA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA AO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame favorable emitido en sesión ordinaria da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do 17 de febreiro de 2014.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista que di que a moción preséntase en virtude do cambio do mapa sanitario presentado pola Consellería de Sanidade, que nos parece que non ten fundamento ningún, soamente responde ao Plan de desmantelamento do sector público. Parécenos increíble que queiran derivar aos enfermos á Santiago de Compostela xa non estamos a falar dun cambio de cidade, que se pode dar en algunhas especialidades cando hai que acudir a Vigo, senón que estamos a falar dun cambio de Provincia.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do BNG que manifesta que a moción, responde unicamente ao desmantelamento do sistema sanitario ou da xestión do público, xa que con estes movementos o que favorecen é a xestión privada montando caos para que os pacientes acudan á privada.

O Voceiro do Grupo Municipal Popular manifesta que a medida adoptada pola Consellería responde a criterios de zonificación, avalado polos Colexios Médicos de Ourense, Lugo e Coruña xunto co PP. Entendemos que a Consellería debe estudar o tema para que o servizo ou usuario non se vexa mermado. Pensamos que se trata dunha moción demagóxica.

A Sra. Besada Lores, di que aos pacientes non se lles dá a elixir o lugar para ser atendidas. Non é unha moción demagóxica xa vemos que as actuacións do PP desmantela e descapitalizan o noso sistema sanitario, xa que con esta medida obrigan aos nosos xoves a emigrar.

Pero queda a xustiza e danos a razón coas sentenzas (caso de Madrid).

Toma a palabra o Concelleiro, o Sr. Martínez Blanco manifestando que a demagogia faina o PP, coa súa ideoloxía de privatización, derivando aos pacientes ao Hospital Domínguez e pechando camas en Montecelo, ou neste caso derivar aos usuarios a Santiago e non a Vigo.

O Sr. Barreiro Lubian di que as enquisas non dan datos reais soamente mostran as mentiras do PP. O obxectivo desta reorganización é o desmantelamento do público. Demagogia é presupostar un hospital de 300 millóns cando xa había enriba da mesa un proxecto viable de 50 millóns. O PP non dá solucións aos problemas, con obras faraónicas.

A Sra. Martínez González di que cando o PP comenta que dá a escoller, isto é mentira. O que fai o PP é non informar. O que faltaba xa, era derivar á xente a Santiago no lugar de Pontevedra ou Vigo.

O que non parece normal é facer esperar aos pacientes, dándolle a elixir ao enfermo para que elixa a sanidade privada. Agora privatizan todo ata a farmacia do hospital.

O Sr. Moldes Martínez contesta que o desvío de pacientes da pública á privada, non é de agora, xa se facía antes co bipartito. Falan de demagoxia, cando se refiren a moquetas do proxecto de Monte Carrasco.

A Sra. Besada Lores di que si que se podía traballar co Domínguez, para evitar as listaxes de espera e cando estaba todo completo, non pechando camas e cerrando plantas como fai agora o PP.

Unha vez rematado a quenda de intervencións, sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.**- Dirixirse á Consellería de Sanidade para solicitar anulación da Instrucción 7/2013 que modifica o reparto das Especialidades sanitarias e reclamar a volta á situación anterior na medida de que o desprazamento natural dos pacientes de área de Pontevedra é ao Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

**Segundo.**- Dirixirse á Presidencia da Xunta de Galicia para reclamar un gran pacto político pola sanidade pontevedresa que pase polos seguintes puntos:

a) Construcción do Hospital Único, dotado de suficientes camas e os servizos e especialidades que a Área de Pontevedra precisa.

b) Reconversión do Hospital Provincial nun hospital socioasistencial de crónicos e centro de Consultas Externas.

3921.- MOCION DO BNG DO 8 DE MARZO, POLA DERROGACIÓN DAS LEIS CONTRA AS MULLERES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta dos pronunciamentos da moción presentada no Rexistro Xeral do Concello polo Grupo Municipal do BNG : "... o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

Instar á Xunta de Galiza a

1. Derrogar os seguintes textos legislativos por non dotaren de servizos nin recursos as mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade e por suporen un retroceso de décadas na igualdade.

- Lei de apoio a muller embarazada.

- Lei de apoio á familia e a convivencia de Galicia

2. Mostrar o seu total rexitamento co Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada e dar traslado deste ao goberno do Estado exixindo a súa total retirada."

O expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura na súa sesión realizada o 12 de marzo de 2014.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do BNG, a Sra. Diaz Iglesias, explica que a pesar de que a moción unicamente está subscrita polo seu grupo municipal, chegouse ao consenso con Grupo Municipal

Socialista tras a celebración da Comisión de Cultura. Trátase dunha reivindicación dos dereitos das mulleres e sobre todo fai incidencia na Lei do aborto que se pretende aprobar polo goberno. Pensamos que este goberno pon a muller nunha situación discriminada totalmente. Houbo anos nos que se avanzou en materia de igualdade pero coas novas leis do PP vemos un gran retroceso co pretexto da crise, renegando á muller a quedar na casa potenciando valores machistas.

Neste momento auséntase do Salón de Sesiós o Concelleiro D. Manuel Domínguez Álvarez.

A continuación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores explicando que efectivamente estamos de acordo coa moción, xa que dun avance moi grande estamos ante un gran retroceso nos dereitos da mulleres, parécenos impensable que nestes tempos se poidan elaborar e aprobar leis tan retrógradas.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro**.- Instar á Xunta de Galiza a derrogar os seguintes textos lexislativos por non dotaren de servizos nin recursos as mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade e por suporen un retroceso de décadas na igualdade.

- Lei de apoio a muller embarazada.
- Lei de apoio á familia e a convivencia de Galicia

**Segundo**.- Mostrar o seu total rexitamento co Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada.

**Terceiro**.- Dar traslado deste ao goberno do Estado exixindo a súa total retirada.

Neste momento entra no Salón de Concelleiros D. Manuel Domínguez Álvarez.

3922.- URBANISMO, exp. 42/14.- PROPOSTA DE DELIMITACIÓN DOS ESPAZOS PORTUARIOS DO PORTO DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA, DA AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA.- Sometida á votación a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha e por unanimidade de votos dos membros presentes, dáse conta á Corporación do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 18 de febreiro de 2014 ditaminándose non presentar alegacións á proposta de delimitación dos espazos portuarios do Porto de Marón e Ría de Pontevedra.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable da unanimidade dos membros presentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.**- Non presentar alegacións á proposta de delimitación dos espazos e usos portuarios de Porto de Marín e Ría de Pontevedra .

**Segundo.**- Comunicar este acordo ao Ministerio de Fomento (Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.).

3923.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á FROTA DE CERCO E ARTES MENORES.- Previa declaración de urxencia de conformidade co establecido no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención, pola Secretaria presente na sesión procédese á dar conta da moción presentada no Rexistro Xeral subscrita pola Voceira do Grupo Municipal do BNG de apoio á frota de cerco e ás artes menores e dá lectura dos acordos a adoptar da moción e que din textualmente: "Manifestar o apoio deste concello a frota do cerco e de artes menores que reclaman un reparto xusto das cotas da xarda e do xurelo.

1. Reclamar o cambio profundo da Política Común de Pesca da UE, e a derogación do Principio de Estabilidade Relativa, que consagra a discriminación estrutural da frota pesqueira galega.

2. Reivindicar o exercicio pleno das competencias galegas sobre as nosas augas, eliminando as cotas de pesca fixadas desde Bruxelas no noso propio litoral.

3. Manifestar o apoio de toda a Corporación as reclamacións acordadas na Asemblea do Cerco, que tivo lugar en Portosín, isto é:

- Non admitir o preacordo logrado co Goberno español.

- Pedir a dimisión do presidente da Federación de Confrarías de Galiza.

- Reprobar a actitude da conselleira de Medio Rural e do Mar por non defender os intereses do sector.

- Instar á Consellaría de Medio Rural e do Mar a adoptar unha posición comprometida de defensa dos intereses da frota galega.

Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno español, aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados, e deputadas e deputados galegos no Parlamento europeo."

A Sra. Diaz Iglesias di que a Unión Europea volve a fixar topes de captura agravosos para Galiza. (A continuación procede a dar lectura ao texto da moción en relación ás porcentaxes dos topes das capturas.)

As 17 horas había unha reunión coa Conselleira do Mar, pola mañá o reparte quedou paralizado, pero non sabemos o acordo que se adoptou. As sensacións son de que se van a reformular as cotas. Pensamos que se deben de chegar á acordos, xa que se trata dun sector produtivo moi importante para todos.

A Sra. Besada Lores manifesta o apoio do Grupo Municipal Socialista ao texto da moción presentada polo BNG. Estamos a favor da proposta. En Galiza a pesca é un sector moi importante, con moitos traballadores o que supón moitos postos de traballo. Pedimos que rectifiquen o reparto.

O Sr. Moldes Martínez di que o PP ten coñecemento disto desde a

primeira reunión, xa que nos informaron.

Cando foi isto, o que se fixo por parte dos representantes do sector foi ir a Madrid a negociar unhas cotas e asinaron cotas sen contar cos compañeiros.

O que asinaron antes agora están en contra. Os únicos culpables son os que asinaron e representaron o sector.

Nin Lugo nin Ribeira queren estas cotas, do acordado en Porto Sin. O único culpable foi o propio sector e agora o conflito está dentro do sector.

A voceira do Grupo Municipal do BNG di que cando o seu grupo presenta unha moción é para o Pleno non para o PP.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que a conselleira saíu defendendo esta proposta, saíndo nos medios, xunto co Ministro Cañete, a agora a UE castiga este país, tocando un sector básico para nós e nos pensamos que a Consellería como órgano competencial debe defender os intereses dos galegos, e iso é o que non fan.

O Sr. Moldes Martínez di que si descoñecen o tema o mellor é non falar instando a que se presente esta moción en Lugo e Ribeira.

O Sr. Agís Gómez di que non ven ben que as cotas de pesca se negocien en Madrid e que a Consellería do Mar non estea alí

O Sr. Barreiro Lubián di que a Consellería como órgano con competencias de pesca neste país é a que ten que negociar, apoiando ao sector e poñéndose ao fronte pero o que parece é que a Xunta mira para outro lado.

Unha vez rematada a quenda de intervencións polo Pleno da Corporación sométese a votación o texto da moción presentada o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro**.- Manifestar o apoio deste concello a frota do cerco e de artes menores que reclaman un reparto xusto das cotas da xarda e do xurelo.

**Segundo**.- Reclamar o cambio profundo da Política Común de Pesca da UE, e a derogación do Principio de Estabilidade Relativa, que consagra a discriminación estrutural da frota pesqueira galega.

**Terceiro**.- Reivindicar o exercicio pleno das competencias galegas sobre as nosas augas, eliminando as cotas de pesca fixadas desde Bruxelas no noso propio litoral.

**Cuarto**.- Manifestar o apoio de toda a Corporación as reclamacións acordadas na Asemblea do Cerco, que tivo lugar en Portosín, isto é:

- Non admitir o preacordo logrado co Goberno español.
- Pedir a dimisión do presidente da Federación de Confrarías de Galiza.
- Reprobar a actitude da conselleira de Medio Rural e do Mar por

non defender os intereses do sector.

- Instar á Consellaría de Medio Rural e do Mar a adoptar unha posición comprometida de defensa dos intereses da frota galega.

**Quinto.**- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno español, aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados, e deputadas e deputados galegos no Parlamento europeo.

3924.- MOCIÓN BNG DE APOIO Á CREACIÓN DUNHA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA DE VIÑOS DA TERRA.- Previa declaración de urxencia de conformidade co establecido no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP, pola Secretaria presente na sesión procédese á dar conta lectura da proposta asinada polo Concelleiro Delegado D. Xulio Barreiro Lubián e que di o que segue: "**Asunto: Escrito Agrupación de produtores solicitando apoio para o RECOÑECEMENTO dunha indicación xeográfica protexida.**

En relación coa solicitude da Federación de furancheiros, Loureiros e Viticultores da Provincia de Pontevedra, dos propietarios de adegas, que teñen constituída unha Agrupación de Produtores en favor do recoñecemento como indicación xeográfica protexida aos viños procedentes dos viñedos do Concello de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Pontevedra Redondela, e Vilaboia.

Considero procede aprobar a MOCIÓN DE APOIO A CREACIÓN DUNHA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA DE VIÑOS DA TERRA, solicitando ante a Consellería de Medio Rural o recoñecemento dunha denominación de calidade que podería chamarse "Indicación xeográfica Protexida de viños da Terra " baseándose nas seguintes consideracións:

-Como se enumera na exposición de motivos do escrito presentado pola agrupación de viticultores ,as razóns históricas son de peso: a tradición vitivinícola ven documentada dende o século XIII, así o testemuñan os rexistros dos Mosteiros da Provincia, e outros rexistros públicos.

-A tradición das adegas de viño , furanchos e loureiros ten un arraigo moi importante nestes concellos, aséntase como unha tradición no medio rural .No primeiro catastro que se fixo en Pontevedra ,aparecen rexistradas mais de 2.141 has de viñado e 2.726 adegas. A importancia e tal, que se tivo que recoñecer , e regular, para poder poñer en circulación os excedentes da colleita de viño .

- Dende o punto de vista xeográfico o territorio destes Concellos, presenta altitudes inferiores aos 300 metros, terras próximas ao mar, nos tramos inferiores de cursos fluviais, con temperaturas suaves e precipitacións elevadas e ben repartidas, con descenso hídrico no verán, propiciadores dun clima atlántico e dunhas características edafolóxicas moi aptas para o cultivo da uva, como se ven facendo tradicionalmente, isto explica que a ubicación actual das adegas , se localice polo ámbito xeográfico da Provincia de Pontevedra e particularmente no entorno da ribeira sur da Ría de Arousa, no das Rias de Pontevedra e Vigo e no do curso Baixo do Río Miño.

Soamente por motivos de política vitivinícola, alleos aos intereses



dos viticultores, pódese explicar, que non se cree unha denominación de calidade ,para os viñedos dos concellos de Bueu ,Cangas Marin Moaña,Poio, Pontevedra Redondela, e Vilaboa, que podería chamarse "Indicación xeográfica Protexida de viños da Terra" dado que non hai diferenciación xeográfica, nin de aptitude edafo- climática, nin de importancia das superficies vitícolas,con concellos limítrofes e de características semellantes, que si dispoñen de denominación de orixe recoñecida."

A continuación toma a palabra o Concelleiro Barreiro Lubián quen di que houbo unha reunión en Vilaboa onde estaban presentes representantes dos furancheiros, pensamos que é unha idea importante, necesaria para a comercialización deste tipo de viños, xa que as variedades de viño que se venden nos furanchos non están dentro da denominación de orixe Rias Baixas, e isto dará un valor engadido a estes viños e garantirase a súa calidade.

A Sra. Besada Lores di que o seu Grupo Municipal apoia a proposta e que con isto garantirase a calidade dos viños recoñecendo a labor dos seus produtores.

Unha vez rematada a quenda de intervencións polo Pleno da Corporación sométese a votación o texto da moción presentada o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Solicitar á Consellería de Medio Rural o recoñecemento dunha denominación de calidade que podería chamarse "Indicación xeográfica Protexida de viños da Terra" baseándose nas seguintes consideracións:

-Como se enumera na exposición de motivos do escrito presentado pola agrupación de viticultores ,as razóns históricas son de peso: a tradición vitivinícola ven documentada dende o século XIII, así o testemuñan os rexistros dos Mosteiros da Provincia, e outros rexistros públicos.

-A tradición das adegas de viño , furanchos e loureiros ten un arraigo moi importante nestes concellos, aséntase como unha tradición no medio rural .No primeiro catastro que se fixo en Pontevedra ,aparecen rexistradas mais de 2.141 has de viñado e 2.726 adegas. A importancia e tal, que se tivo que recoñecer , e regular, para poder poñer en circulación os excedentes da colleita de viño .

- Dende o punto de vista xeográfico o territorio destes Concellos, presenta altitudes inferiores aos 300 metros, terras próximas ao mar, nos tramos inferiores de cursos fluviais, con temperaturas suaves e precipitacións elevadas e ben repartidas, con descenso hídrico no verán, propiciadores dun clima atlántico e dunhas características edafolóxicas moi aptas para o cultivo da uva, como se ven facendo tradicionalmente, isto explica que a ubicación actual das adegas , se localice polo ámbito xeográfico da Provincia de Pontevedra e particularmente no entorno da ribeira sur da Ria de Arousa, no das Rias de Pontevedra e Vigo e no do curso Baixo do Río Miño.

Soamente por motivos de política vitivinícola, alleos aos intereses dos viticultores, pódese explicar, que non se cree unha denominación de calidade ,para os viñedos dos concellos de Bueu ,Cangas Marin Moaña,Poio,

Pontevedra Redondela, e Vilaboa, que podería chamarse "Indicación xeográfica Protexida de viños da Terra" dado que non hai diferenciación xeográfica, nin de aptitude edafo- climática, nin de importancia das superficies vitícolas, con concellos limítrofes e de características semellantes, que si dispoñen de denominación de orixe recoñecida.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-Non se producen.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e sete minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.